

Estampas Gondomareñas II

ANTONIO DE BADESA


ESTAMPA CON VERÁN DE FONDO

O verán efémero e desexado significou sempre para a maioría das persoas a vida na súa plenitude. Con só ventalo acendíase algo dentro, eu coído que nalgunha víscera menor, que convidaba a vivilo con frenesí, coma se fose o derradeiro e sen importar o resultado final, que case que nunca era o desexado, e polo tanto incompleto. Os fríos racionalistas, sempre hai alguén disposto a estragar a poesía, explican o fenómeno coma unha combinación-reacción da serotonina coas hormonas, as feromonas, os cromosomas... como se a vida puidese ser esculcada nun laboratorio.

¡Ai, o verán! Todos os mundos caben nun verán, cada un no seu. Por iso Gondomar é diferente do resto, canto máis coa perspectiva do tempo e da memoria. Os gondomareños desde sempre procuramos aproveitar a bonanza climática sen renunciar a perdelo tempo en tarefas “improductivas” ou de lecer. O de menos era o como e, segundo as épocas, unhas veces dedicámonos a facer “graffitis” cicelados nas rochas dos montes, e outras a organizar festas e romarías preto deses lugares que agora chamamos parroquias.

Os veráns de antes sempre chegaban con puntualidade do Calendario Zaragozano á súa cita anual cos biorritmos, por moi revoltos que andase o clima ou, como din agora os entendidos, o cambio climático. Daquela o bo tempo favorecía a todos por igual sen facer distincións de clase ou condición social; era a única experiencia democrática permitida polo réxime. E gracias a esa pequena limitación política todos e todas eramos equitativamente estimulados na nosa hibernada bioloxía humana: o lánguido fidalgo do pazo, a costureira, o zapateiro... Crego, monxa ou militar, ninguén podía resistir a tentación de deixarse levar pola mornura dos veráns ou evitar a baixada da tensión á hora da sesta, ese momento ideal para intimar e aproveitarse dos beneficios dunha restaurada humanidade. Tanta é a prestancia do verán que mesmo hai quen teima en darlle unha prolonga invernal patrocinada por San Martiño, pero ca, os efectos xa non son iguais, pois o sol xa non quenta o mesmo e a sensualidade combina mal coa roupa de abrigo.

A estampa que retrata este relato ten o verán de fondo, sen turistas nin atascos, e só con algún veraneante casual, esa especie de nómades xa extinguida que cada



... despois dunha curta viaxe no tranvía que nos deixaba na Ramallosa.

ano voltaban a Gondomar dispostos a gozar sen présas dos praceres estivais. É unha estampa vella pero entrañable, que garda intacto o sabor do inxenuo e o encanto da insinuación ponderada. Será por iso, e porque xa non é posible repetila, que aínda resulta apetecible.

OS NOVE BAÑOS

Desde o principio até mediados do século pasado, a medicina máis ortodoxa e os galenos máis refutados cambiaban o receptorio clásico e botaban man dunha estraña farmacopea coa chegada do verán, que para alegría de grandes e pequenos substituíu os aceites de ricino ou de fígado da bacallao, as sangrías, ou as lavativas, por reconfortantes e lúdicos baños de mar. Naquel mar que era en si mesmo unha inmensa botica que curaba tan só con achegarse á súa beira e respirar.

A D. Latino Salgueiro, médico titular do Municipio con fama de pouco delicado á hora de certos tratamentos, así e todo non lle tremía o pulso para receitar baños de mar a tutiplé a quen tivese a sorte de poñerse malo no verán. Sempre receitaba nove, un número segundo el máis que suficiente para eliminar calquera doenza ou enfermidade, fose do corpo ou da ialma. Algúns atrevidos, chegado o momento, renunciaban á prescrición facultativa e acudían pola súa conta a tomar os baños milagreiros sen o consello médico. Unha primitiva maneira

de automedicarse, que aínda sendo inocua nunca se facía máis aló da primeira quincena de setembro.

A praia de Gondomar por antonomasia era a de Lourido, que naqueles anos tiña uns esplendorosos areais con vida propia que lle cambiaba o perfil cada día. Non chegaban a ser dunas, pero se alguén quería perderse entre elas ou nos canavais non tiña máis que achegarse até Gaifar e arriscarse nos territorios de Panxón.

Xa daquela tiña Lourido un aspecto de praia modernista semellante á do Lido que describe Thomas Mann en *Morte en Venecia*, e na que sobresaía unha ringleira de casetas para se cambiar os bañistas, pintadas a franxas verticais e con tons suaves, en cores brancas, azuis, verdes e amarelas. Unha postal perfecta e equilibrada na que cada elemento estaba no seu xusto lugar, principalmente o mar coa súa voz de fondo.

Ese ansiado mar era alcanzado polos de Gondomar todos os anos cada un de setembro, despois dunha curta viaxe no tranvía que nos deixaba na Ramallosa. Alí desembarcábamos mesturados cos últimos veraneantes de Casa Aquilino, predispostos a curármolos de todos os males, incluídos os imaxinarios. Desde a estación á praia tiñamos que camiñar por un carreiro que atravesaba uns canavais, varios campos de millo e o Monte Lourido. Os máis pequenos íamos da man das nosas nais que cargaban na cabeza coa cesta da merenda, coas toallas... A merenda era sempre un misterio que nunca se desvelaba até despois do baño, cando a fome apertaba e o de menos era rillar nunha codia de pan de millo ou nunha mazá camoesa.

O BAÑO DE VENUS

Naquela invasión pacífica de Lourido por xentes de Gondomar había de todo. Tamén nisto era socializador o verán, aínda que algo machista, pois os baños eran considerados coma cousa de nenos, mulleres ou enfermos. De toda aquela fauna humana, chamaban especialmente a atención as que viñan das ignotas terras de Morgadáns, Prado e Vilas, e que os señoritos da Vila cualificaban cun certo desprezo de pouco civilizadas, facendo chistes e comentarios algo esaxerados e por suposto inxustos. Entre elas mesmas falaban a gritos, e ademais ían vestidas totalmente de negro, con pano na cabeza e longas saias. Era imposible adiviñar calquera forma feminina embaixo daqueles “burkas”, a súa timidez facía que nada máis pisar a area da praia se afastasen dos demais para montar a seu propio campamento, protexido de miradas alleas. Semellante comportamento confirmáballe a moitos a teoría do seu primitivismo.

Ás cinco da tarde en punto, segundo a traxectoria solar, e coa dixestión feita dun escaso xantar, tocaba a hora do baño. Maldita hora para aquelas nais tan protectoras que tiñan que evitar como fose que a lascivia dos bañistas reparase nas súas filliñas casadeiras. O sacrificio levábaas a meterse na auga até os xeonllos, coas negras saias arremangadas e amosando a brancura dunhas pernas que para os máis impacientes era tan só un aperitivo do que viría despois. Aquelas mozas para poder bañarse tiñan que facelo vestidas con longos camisóns de liño, ou con visos de organdí as máis ricas. Na beira, vixiantes e intranquilas, eran agardadas polas súas



Ás cinco da tarde en punto, segundo a traxectoria solar, e coa dixestión feita dun escaso xantar, tocaba a hora do baño.

nais coas sabas despregadas como as velas dun bergantín. Pero non eran as únicas, nin era a primeira vez. O rebumbio dos mozos de Panxón, que levaban horas ao asexo, podía máis có rumusmús do mar e sementaban de novo o desconcerto naquelas mulleres que non sabían que facer coas sabas, nin a quen atender. Unha estratexia tan vella coma efectiva que funcionaba á perfección, e mentres, alleas a aquel balbordo, ían saíndo do mar as rapazas de Morgadáns coma unhas Venus de Botticelli, totalmente expostas e curadas de prexuízos.

Teño que recoñecer que o verán dá máis de si que calquera outra estación do ano, pero este cronista non pode evitar a súa querencia polo outono, polas cousas maduras e con substancia e, por que non dicilo, por unha certa evocación da decadencia.